



# TAREFA 2 – CREA VISUAL

2º TRIMESTRE

“LET’S CHANGE IT”

3º e 4º de Educación Primaria

# 1. IDENTIFICACIÓN

<b>TÍTULO DA TAREFA:</b>	LET'S CHANGE IT		
<b>ETAPA:</b>	Educación Primaria	<b>NIVEL:</b>	3º e 4º (2º ciclo)
<b>ÁREAS:</b>	Educación Plástica e Visual, Lingua Estranxeira, Lingua Galega e Proxecto Competencial	<b>PROFESORADO:</b>	Eva Álvarez Vidal
<b>DESCRIPCIÓN:</b>			
<p>Trátase dunha tarefa a desenvolver ao longo de todo o curso académico, onde o alumnado aprenda a manexar diferentes formas de expresións de mensaxe, tanto de forma expresiva como de forma audiovisual.</p> <p>Crearemos ao longo do curso unha campaña publicitaria. No segundo trimestre, crearemos uns anuncios publicitarios para sensibilizar ao público sobre as barreiras de acceso na nosa contorna máis próxima, estreitamente relacionado co ODS 10: "reduced inequalities"</p>			
			
<b>XUSTIFICACIÓN:</b>			
<p>Tendo en conta o contexto do centro e a súa contorna, centrámonos na creación dunha campaña publicitaria para conseguir un Tui máis accesible para todos e todas, detectando necesidades e proponendo diferentes alternativas para que poidamos convivir nunha contorna máis accesible e, polo tanto, máis inclusiva.</p> <p>Grazas a esta tarefa, buscamos que o alumando desenvolva unha aprendizaxe significativa e se implique na creación de propostas para favorecer así o desenvolvemento do DUA.</p> <p>Desenvólvense desta forma, diferentes competencias clave: á CCL ao interactuar no equipo e comunicar de diferentes xeito desenvolvendo así as destrezas lingüísticas; á CP ao empregar diferentes linguas, neste caso o ámbito CreaVisual impártese de xeito bilingüe (galego- inglés); á STEM ao buscar a transformación da contorna mediante distintos medios, empregando a comprensión e a explicación da contorna;</p>			

á CD ao fomentar o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das TICs; á CPSAA ao reflexionar sobre o traballo realizado, xestión de tempos, ser resiliente..., á CC buscando que o noso alumnado forme parte dunha cidadanía responsable e comprometida na vida social e cívica; á CE coa intención de que as nosas propostas cheguen a desenvolverse; e á CCEC desenvolvendo a comprensión e respecto das ideas, opinión e sentimentos das persoas coas que convivimos e traballamos.

Ademais, contribúese ao desenvolvemento dos elementos transversais: prevención de resolución pacífica de conflitos, liberdade, xustiza, igualdade...

**CONTEXTO:**

Contexto persoal, escolar e social.

## 2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN / OBXECTIVO	INSTRUMENTO E PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN
<b>1st SESSION</b>		
<p><b>Círculo proactivo:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>What do you remember about first CreaVisual task?</i> (Que recordas da primeira tarefa de CreaVisual?)</li> </ul> <p><b>See-think-wonder: Spot publicitario.</b></p> <p>Visualización de 2 videos en gran grupo para reflexionar sobre a temática a través da rutina de pensamento: <i>see – think – wonder</i> (vexo – penso – preguntome) en equipos, empregando a estrutura cooperativa <i>swivel paper</i> (folio xiratorio).</p>	<p><b>CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. OBX3</p> <hr/> <p><b>CA3.5.</b> Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. OBX1</p> <p><b>CA1.5.</b> Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intención comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades en cada momento. OBX2</p>	<p>Observación sistemática rexistrada nun diario de sesións.</p> <p>Rúbrica.</p>

<p><b>Mime game</b></p> <p>Xogo de mímica e sons para desenvolver a expresión e conciencia corporal, así como a vocalización e a emisión de diferentes sons.</p>	<p><b>CA4.1. Producir obras propias</b> básicas utilizando as posibilidades expresivas do <b>corpo</b>, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. OBX3</p>	
<p><b>2nd SESSION</b></p>		
<p><b>Círculo proactivo:</b></p> <p>- <i>How would you draw if you were a blind person?</i> (Como debuxarías se foras unha persoa cega?)</p>	<p><b>CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. OBX3</p>	
<p><b>Bubble map spot publicitario</b></p> <p>Recollida nos equipos, a través da estrutura cooperativa <i>swivel paper</i>, de ideas sobre o tema do ámbito e dos videos visualizados: accesibilidade.</p>	<p><b>CA2.8.</b> Mobilizar, coa planificación e o acompañamento necesarios, estratexias básicas para a comunicación sertiva e o consenso, progresando na xestión dialogada de conflitos. OBX10</p>	<p>Observación sistemática rexistrada nun diario de sesións. Rúbrica.</p>
<p><b>Before I though... Now I think... Role playing stations</b></p>	<p><b>CA3.10.</b> Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio, para evitar discriminacións e prexuizos. OBX10</p>	

<p>Vivenciación de diferentes situacións por equipos e recollida de hipótesis sobre as sensación e resultados:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Cadeira de rodas.</li> <li>2. Ollos vendados.</li> <li>3. Oídos tapados.</li> <li>4. Emprego dunha so man.</li> </ol>		
<b>3rd SESSION</b>		
<p><b>Círculo proactivo:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>A tour I like to do is...</i> (Unha viaxe que me gustaría facer é...)</li> </ul> <p><b>Planos do vídeo</b></p> <p>Chuvia de ideas sobre que elementos compoñen un video en gran grupo e proba de creación de diferentes transición con imaxes e pequenas curtas en equipos.</p>	<p><b>CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. OBX3</p>	<p>Observación sistemática rexistrada nun diario de sesións. Rúbrica.</p>
	<p><b>CA3.2.</b> Describir <b>características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características</b> de interese, establecendo relación básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas. OBX1</p>	

<p><b>Planificación do spot publicitario</b></p> <p>Creación da lista do que imos precisar: material, tipos de plano e imaxe, slogan, audio...</p>	<p><b>CA1.4.</b> Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais. OBX2</p>	
<p><b>4th SESSION</b></p>		
<p><b>Círculo proactivo:</b></p> <p>- <i>Which Sustainable Development Goal would you relate to what you learned at Creavisual to?</i> (Con que ODS relacionarías o aprendido en CreaVisual?)</p>	<p><b>CA2.5.</b> Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. OBX3</p>	<p>Observación sistemática rexistrada nun diario de sesións.</p>
<p><b>Elaboración do produto final: spot publicitario</b></p> <p>Gravación e edición do pequeno vídeo tendo en conta a planificación deseñada na anterior sesión.</p>	<p><b>CA4.3. Participar</b> de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, <b>traballando de forma cooperativa</b> na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade. OBX4</p> <p><b>CA2.5.</b> Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.</p>	<p>Rúbrica.</p>

Posterior visualización en gran grupo.		
<p><b>Headlines: reflexión do traballo e tema realizado</b></p> <p>Realización da rutina de pensamento <i>headlines</i> (titulares) sobre a accesibilidade e empatía coa diversidade, poñendo un título ao traballado coa estrutura cooperativa 1-2-4.</p>	<p><b>CA3.10.</b> Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio, para evitar discriminacións e prexuizos. OBX10</p> <p><b>CA2.3.</b> Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da LE, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL). OBX5</p>	

### CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA

- Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais e informais elementais, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas ou dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.



- Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado.
- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

### 3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)

ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<b>Círculo proactivo:</b> - <i>What do you remember about first CreaVisual task?</i>	Sentámonos en círculo e proponse as preguntas do día. Respondemos en orde.	Comentarios a maiores.		
<b>See-think-wonder: Spot publicitario.</b>	Visualización de 2 vídeos en gran grupo como exemplos de spots publicitarios.	Realización da rutina de pensamento <i>see - think - wonder</i> en equipos a través da estrutura cooperativa <i>swivel paper</i> (folio xiratorio).	Compartir reflexións en gran grupo.	
<b>Mime game</b>	Pequena explicación en gran grupo da dinámica do xogo e comezo da dinámica: <i>Blue cards: use your body</i> <i>Red cards: use your sounds</i>			
<b>Círculo proactivo:</b> - <i>How would you draw if you were a blind person?</i>	Sentámonos en círculo e proponse as preguntas do día. Respondemos en orde.	Comentarios a maiores.		

<p><b>Bubble map spot publicitario</b></p>	<p>En equipos, usamos a estrutura cooperativa <i>swivel paper</i> para recadar ideas sobre o tema do ámbito e os vídeos: accesibilidade.</p>	<p>Compartimos en gran grupo.</p>		
<p><b>Before I thought... Now I think... Role playing stations</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Cadeira de rodas: moverse con axuda e sen ela.</li> <li>2. Ollos vendados: ir a diferentes lugares.</li> <li>3. Oídos tapados: responder a preguntas.</li> <li>4. Emprego dunha so man: xogar a un xogo, atar o zapato, vestirse...</li> </ol>	<p>Cada equipo estará situado nunha estación. Antes de comezar, escribirá como pensa que se vai a sentir ou como vai a ser.</p>	<p>Cada equipo permanece 10 minutos na estación vivenciando todos os seus membros a actividade proposta.</p>	<p>Cada equipo anota as sensacións tras vivenciar nas estación os roles e rota de estación.</p>	<p>Ao rematar, compartimos en gran grupo as sensacións previas e posteriores.</p>

<b>Círculo proactivo:</b> - <i>A tour I like to do is...</i>	Sentámonos en círculo e propónse as preguntas do día. Respondemos en orde.	Comentarios a maiores.		
<b>Planos do vídeo</b>	Recollida en gran grupo dos elementos compoñentes dun vídeo (imaxes, vídeos, sons, texto...).	Proba de imaxes e vídeos en equipos.	Creación de transición cos elementos en equipos.	
<b>Planificación do spot publicitario</b>	En equipos creamos a lista do que imos precisar e planificamos.			
<b>Círculo proactivo:</b> - <i>Which Sustainable Development Goal would you relate to what you learned at Creavisual to?</i>	Sentámonos en círculo e propónse as preguntas do día. Respondemos en orde.	Comentarios a maiores.		
<b>Elaboración do produto final: spot publicitario</b>	Gravación en equipos dos spots publicitarios.	Edición dos elementos recollidos.	Compartimos en gran grupo.	
<b>Headlines: reflexión do traballo e tema realizado:</b>	Momento 1 (individual): poñemos un título ao	Momento 2 (parellas): poñemos en común os títulos	Momento 4 (equipo): poñemos en común os títulos	Compartimos en gran grupo.

<p>Realización da rutina de pensamento <i>headlines</i> (titulares) sobre a accesibilidade e empatía coa diversidade, poñendo un título ao traballado coa estrutura cooperativa 1-2-4.</p>	<p>traballado en relación coa accesibilidade.</p>	<p>e creamos un novo a partir deles.</p>	<p>creados en parella e creamos un novo de todo o equipo a partir deles.</p>	
--	---	--	--	--

## 4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)

ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
<b>Círculo proactivo:</b> <i>What do you remember about first CreaVisual task?</i>	Aula 3ºB	Gran grupo	Obxecto da palabra	15-20 min
<b>See-think-wonder: Spot publicitario.</b>	Aula 3ºB	Gran grupo e equipos	Videos: <a href="https://youtu.be/ZOfZCvvi66Y">https://youtu.be/ZOfZCvvi66Y</a> <a href="https://youtu.be/SBLiBLb23ZA">https://youtu.be/SBLiBLb23ZA</a> Plantilla see – think - wonder	45 min
<b>Mime game</b>	Aula 3ºB	Gran grupo	Xogo de mímica e sons	10-15min
<b>Círculo proactivo:</b> <i>How would you draw if you were a blind person?</i>	Aula 3ºB	Gran grupo	Obxecto da palabra	15-20 min
<b>Bubble map spot publicitario</b>	Aula 3ºB	Equipos e gran grupo	Plantilla bubble map	10-15 min

<b>Before I though... Now I think... Role playing stations</b>	Corredor planta baixa	Equipos	- Tablet (ruído marrón) e cascos - Cadeira de rodas. - Antiface. - Xogos, balóns...	1 hora
<b>Círculo proactivo:</b> <i>A tour I like to do is...</i>	Aula 3ºB	Gran grupo	Obxecto da palabra	15-20 min
<b>Planos do vídeo</b>	Aula 3ºB	Gran grupo	Pizarra e rotulador Tablets: app iMovie	1 hora
<b>Planificación do spot publicitario</b>	Aula 3ºB	Equipos	Material de escritura	15-20 min
<b>Círculo proactivo:</b> <i>Which Sustainable Development Goal would you relate to what you learned at Creavisual to?</i>	Aula 3ºB	Gran grupo	Obxecto da palabra	15-20 min
<b>Elaboración do produto final: spot publicitario</b>	Aula 3ºB	Equipos	- Cadeira de rodas - Antiface - Tablets: app iMovie - Material que se precise para o vídeo segundo a lista creada	1 hora
<b>Headlines: reflexión do traballo e tema realizado</b>	Aula 3ºB	Equipos e gran grupo	Plantilla <i>headline</i>	15-20 min

## 5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
<b>ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)</b>	Rúbrica	Observación sistemática rexistrada nun diario de sesións
<b>PRÁCTICA DOCENTE</b>	Lista de cotexo de autoavaliación docente	Observación sistemática Reflexión individual
<b>DESEÑO DA TAREFA</b>	Lista de cotexo de autoavaliación docente	Observación sistemática Reflexión individual



# INSTRUMENTO 1: RÚBRICA AVALIACIÓN DO ALUMNADO

			4	3	2	1	CRIT. AV.
TRABALLO EN EQUIPO	1	<b>Acepta e valora as aportacións do grupo?</b>	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Acepta as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes as súas e móstrase aberto/a á reflexión.	Acepta parte das aportacións do grupo e móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Acepta aportacións diferentes as súas, con dificultade e axuda dun adulto, con pouco interese.	LG CA2.5.
	2	<b>Participa nas dinámicas de traballo co grupo?</b>	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de xeito habitual, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, durante a maior parte das actividades.	Mostra interese por participar no traballo co grupo, só en determinados momentos das actividades.	Mostra pouco interese por participar no traballo en grupo, agás nalgunhas actividades do seu agrado.	EP CA4.3. LG CA3.10.
	3	<b>Pide, acepta e ofrece axuda ao grupo?</b>	Pide e ofrece axuda de forma natural cando é preciso de forma respectuosa. Acepta ben a axuda dos demais cando lla ofrecen cunha boa actitude.	Pide e ofrece axuda de forma natural só cando é preciso. Acepta a axuda cando a precisa.	Pide e ofrece axuda, con indicacións dun adulto, cando resulta moi necesario. Acepta a axuda cando a precisa e a pediu.	Pide axuda cando a precisa con indicacións dun adulto.	EP CA4.3.
	4	<b>Respecta as quendas de palabra e as normas de comportamento?</b>	Respecta as normas de comportamento e as quendas de palabra e axuda a que o resto do grupo tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, ás veces axuda a que o grupo tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Respecta as normas de comportamento con axuda e intervén nas quendas doutras persoas.	EP CA3.5. LG CA2.8.
ORGANIZACIÓN	5	<b>Organízase para traballar en equipo, cumpre cos acordos e as normas de traballo?</b>	Realiza a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se precisan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se precisan e busca solucións aos imprevistos respectando os acordos do equipo.	Realiza, de xeito guiado, as secuencias e as temporalizacións das actuacións previstas, sen ter en conta sempre os recursos que se precisa, e coa axuda dun adulto, pode chegar a buscar solucións aos imprevistos, tendo en conta os acordos do equipo.	Realiza, de xeito guiado, as secuencias e as temporalizacións das actuacións previstas.	PC CA2.5.
COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES E USO DA LE	6	<b>Comprende e adquire as aprendizaxes planificadas?</b>	Comprende os contidos traballados, os adquire e infiere con ideas e consecuencias a partir destes.	Comprende os contidos traballados e os adquire para empregalos cando se lle pregunta directamente.	Comprende a maior parte dos contidos traballados, os emprega cando se lle pregunta directamente, a modo de guía.	Comprende parte dos contidos traballados e, con axuda, emprégao seguindo as preguntas plantexadas.	EP CA4.1.
	7	<b>Explora a través dos recursos empregados para elaborar o produto final?</b>	Explora e incorpora diferentes transicións entre imaxes e vídeos, elementos textuais e sons na app, tendo en conta o plan de traballo e as propostas do equipo.	Explora e incorpora transicións entre vídeos e imaxes, inclúe sons na app, tendo en conta o plan de traballo e as propostas do equipo.	Explora e incorpora diferentes elementos na app (imaxes e vídeos), tendo en conta o plan de traballo.	Explora e incorpora transicións nos elementos na app, sen ter en conta o plan de traballo.	LE CA1.4. EP CA3.2.
	8	<b>Comprender o vocabulario e expresións empregadas en lingua inglesa nas actividades?</b>	Comprende o vocabulario e expresións empregadas e utiliza xeitos de interiorización das mesmas para a súa utilización durante as actividades.	Comprende, gran parte do vocabulario e algunhas das expresións empregadas. Con axuda utiliza xeitos de interiorización destas para a súa utilización.	Comprende, con axuda, parte do vocabulario empregado. Utiliza xeitos de interiorización con axuda e indicacións	Comprende escaso vocabulario e emprega xeitos de interiorización con axuda e indicacións.	LE CA1.5. LE CA2.3.

## INSTRUMENTO 2: LISTA DE COTEXO DE AUTOAVALIACIÓN DOCENTE E DESEÑO DA TAREFA

### PRÁCTICA DOCENTE – LISTA DE COTEXO

	SI	NON
Deuse resposta ás principais necesidades do alumnado.		
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Fomentouse a motivación e implicación do alumnado nas actividades a través dunha linguaxe positiva.		
Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Mantívoise unha colaboración e coordinación real entre o profesorado implicado.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
Implicouse ás familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.		
A temporalización das accións foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha valoración diaria ou semanal (de maneira informal) das actividades realizadas e dos aspectos de mellora.		
Construíronse os equipos cooperativos cos criterios propios da aprendizaxe cooperativa.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadores para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
Dedicouse un tempo para a avaliación da aprendizaxe e da autoavaliación.		
O produto final da tarefa resulto significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		

## DESEÑO DA TAREFA – LISTA DE COTEXTO

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características e necesidades do contexto real da aula e respecta a atención á diversidade.		
As actividades deseñadas atópanse na Zona de Desenvolvemento Próximo (ZDP) do alumnado.		
Os obxectivos redactados foron os axeitados para poder ser acadados con éxito.		
Alcanzáronse os principais obxectivos propostos.		
Traballáronse todos os estándares de aprendizaxe seleccionados na planificación da tarefa.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		
Existe coherencia entre todos os elementos que compoñen a tarefa.		
Os recursos estipulados foron axeitados e de fácil acceso.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
Está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		
Existe claridade na linguaxe utilizada no seu deseño e planificación.		